


25 WATTS



TÍTULO ORIXINAL 25 Watts

ANO 1998

DURACIÓN 92 min.

PAÍS 

DIRECTOR Juan Pablo Rebella & Pablo Stoll

GUIÓN Juan Pablo Rebella & Pablo Stoll

FOTOGRAFÍA Bárbara Álvarez (B&W)

REPARTO Daniel Hendler, Jorge Temponi, Alfonso Tort, Valentín Rivero, Valeria Mendieta, Roberto Suárez

PRODUCTORA Control Zeta Films / Fernando Epstein

25 WATTS, por Rodrigo Seijas



Pouco se sabía da produción cinematográfica uruguiaia, quizais porque case non existe e case nunca sae do seu país. Pois ben, sucederon dúas milagres nun breve lapso de tempo, dúas películas uruguaias tiveron distribución comercial: *O viñedo* e *25 Watts*; e esta última resultou un exemplo do alto nivel de calidade que pode alcanzar o cine no Uruguai, e dun estilo propio que pode levalo moi alto.

Este filme trata basicamente dunha práctica moi exercida entre os mozos do mundo enteiro: o *alpedismo*, tamén coñecido como *rascarse*, *huevear*, etc. Para ensinarnos en toda a súa dimensión este nobre deporte, *25 Watts* encárgase de amosar as vintecatiro horas dun trío de homes que... vaia, teñen pouco ou nada que facer. "El Leche" atópase a un paso de terminar o Liceo. O último e gran escollo é italiano. "El Leche" está namorado de Beatriz, a súa profesora particular, e isto termínalle prexudicando. Non se concentra, cando estudia relata monólogos de namorado en italiano. A solución é entón ver a televisión usando á avoa, literalmente, de antena. Porque o obxectivo é claro: non pensar demasiado. Javi, rematou o Liceo, pero ir á facultade é para el unha utopía. Gaña algúns cartos manexando un altoparlante, traballo que detesta e ten gañas de mandar xa sabemos a onde. O xefe, amigo do seu pai, non para de martirizalo con leccións de responsabilidade e cumprimento do deber. Para colmo, a súa noiva María quere rematar a relación. En canto a Seba, o máis mozo dos tres, é calado e inxenuo. Parece estar sempre fora de contexto. Sen embargo, sempre por casualidade, vese rodeado de suxeitos non moi pacíficos, meténdose en situacións insólitas que o asoman a un mundo descoñecido.

Rodeando aos tres protagonistas, unha longa listaxe de personaxes secundarias enriquece o relato: Kivi (que non para de dicir estupideces), Pitufo (que non para de repetir que o único uruguiaio que figura nos Récorde Guinness foi un que aplaudiu cinco horas seguidas anque non sabe por que), Gerardito (un simpático parvo que esperta un sentimento de protección en todo o grupo de amigos) e a avoa de Leche (unha versión feminina e uruguiaia de Dela Rúa), entre outros moitos.

Ó longo destas lentas e tranquilas vinte e catro horas, o espectador terá ocasión de asistir a unha inmensa cantidade de situacións disparatadas e á vez ambiguas, plenas de significado. Así, a preocupación que ten Leche por pisar caca é un reflexo das súas inseguridades con respecto ó futuro exame e á súa relación coa profesora; a escena na que Javi alimenta con comida para can ó hámster que lle regalou a súa noiva amosa o seu enfado con ela e a obsesión de Seba polas películas porno é un sintoma da súa ansiedade por descubrir novos aspectos da vida.

Máis alá da tristura e melancolía que produce, este filme uruguaio esperta unha gran atracción pola identificación que producen os protagonistas. Eles son vagos e irresponsábeis, e a súa dificultade para relacionarse con outras persoas é evidente, pero son seres graciosos e amistosos, e o que mire a película atoparase desexando que superen os seus problemas e frustracións.



O filme dos directores e guionistas Juan Pablo Rebella e Pablo Stoll presenta un ton urbano que non lle quita o aire sereno a esa cidade antiga e de teitos baixos que é Montevideo. Filmado nun correcto branco e negro, a un custe ínfimo, *25 Watts* amósase, non embargante, coma un filme traballado ata o máximo. Os realizadores apelan habilmente a curtos *flashbacks* para explicar algo que está dicindo unha personaxe con respecto a un feito sucedido no pasado, manexan con moita soltura a cámara e acadan unha montaxe áxil.



Influída por Jim Jarmusch, Raúl Perrone e dous notábeis expoñentes da *Nouvelle Vague* francesa como François Truffaut e Eric Rohmer, e gañadora no Festival de Cine de Rotterdam, esta película sitúase no cumio da *Nueva Ola Uruguaya*.